

# LISTA DE PROXECTOS SECUNDARIA

TÍTULO	CENTRO EDUCATIVO	POBOACIÓN
1 MG-CUP: Sistema de esterilización lowcost	Campamento Tecnolóxico de Tecnópole_T2W	San Cibrao das Viñas
2 Estudo dos efectos das bebidas no desenvolvemento dos seres vivos	Aulas Tecnópole	San Cibrao das Viñas
3 Estudo e análise dos metais de sacrificio sobre o mobiliario urbano	Aulas Tecnópole	San Cibrao das Viñas
4 Panic Pork	Aulas Científicas Tecnolóxicas Isidro Parga Pondal	Ponteceso
5 Foot door: Sistema de apertura hixiénico de portas	Aulas Científicas Tecnolóxicas Isidro Parga Pondal	Ponteceso
6 Non sexas ceniz@: Reciclaxe de filtros de cigarro e concienciación anti-tabaco	Compañía de María Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
7 Escoitemos Galicia. A ciencia cidadá contra os incendios	Colegio Miralba (Hijas de Jesús)	Vigo
8 O purificador de auga máis eficiente	Colexio M. Peleteiro	Santiago de Compostela
9 Sonda Galega	Colexio Martín Codax	Vigo
10 Impacto do sendeirismo na flora do Courel	CPI Poeta Uxío Novoneyra	Seoane do Courel
11 Estudo das bolboretas da aldea de Froxán (O Courel)	CPI Poeta Uxío Novoneyra	Seoane do Courel
12 Lentes para cegos	CPI de Atios	Valdoviño
13 Proxecto de ciencia cidadá "Análise da auga potable no Concello de Valdoviño"	CPI de Atios	Valdoviño
14 Investigación sobre a evolución na obtención de recursos a través do tempo	CPI Mosteiro-Meis	Meis
15 Estudo da filtración de auga en solos calcinados	CPR Santiago Apóstol- Soutomaio	Soutomaio
16 Estudo da intensidade da fotosíntese en plantas acuáticas	CPR Santiago Apóstol- Soutomaio	Soutomaio
17 Deseño dun invernadoiro con autorrego de auga de mar	CPR Plurilingüe Alborada	Vigo
18 Estudo da influencia do peso de epibiontes no Mytilus galloprovincialis	CPR Plurilingüe Alborada	Vigo
19 Peche automático de ventás de tellado (claraboías) por detección de chuva	IES Xoán Montes	Lugo
20 Máis que imaxes	IES Xoán Montes	Lugo
21 #Save the dolphins	CPR Colexio Montecastelo	Vigo
22 Prevención da tensión emocional mediante un sistema wearable	CPR Colexio Montecastelo	Vigo
23 Estudo da eficacia dos metais de sacrificio para prever a corrosión	Colegio plurilingüe San José	Ourense
24 Estudo da eficiencia de distintos métodos físicos de potabilización de auga	Colegio plurilingüe San José	Ourense
25 Estudo do uso de materiais en espazos públicos cerrados para reducir o CO2	Colexio Guillelme Brown	Pereiro de Aguiar
26 A cor pode condicionar as nosas decisións ou emocións	Colexio Guillelme Brown	Pereiro de Aguiar
27 Modificación xenética dun fungo	Colegio Internacional SEK-Atlántico	Poio
28 A botella que se autoaplasta	Colegio Internacional SekAtlántico	Poio
29 O apostolado errante	IES Almunia	Jerez de la Frontera
30 O profesor ideal segundo o alumnado de dous sistemas educativos distintos	Institut Juan Manuel Zafra	Barcelona
31 "Radiografía dun cigarro"	IES Aller Ulloa	Lalín
32 Sensor de temperatura TMP36 e teoría do arrefriamento de Newton	IES Concepción Arenal	Ferrol
33 Shadow's light	IES Concepción Arenal	Ferrol
34 A temperatura da luz sobre a xerminación do chícharo	IES David Buján	Cambre
35 Supertasters	IES David Buján	Cambre
36 Recreos de ciencia	IES de Ribadeo Dionisio Gamallo	Ribadeo
37 S.O.S. (Save Our Seas)	IES de Ortigueira	Ortigueira
38 A domótica nunha vivenda bioclimática	IES de Ortigueira	Ortigueira
39 Cálculo mental	IES Galileo Galilei	Navia
40 Método BIM	IES Pazo da Mercé	As Neves
41 Policías científicos	IES Pazo da Mercé	As Neves
42 Nin frío nin quente	IES Miguel de Unamuno Bilbao	Bilbao
43 Efectos da acidificación da auga do mar nas cunchas dos moluscos mariños	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	Santiago de Compostela
44 Un agricultor chamado vento	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	Santiago de Compostela
45 Análise dos antisépticos máis empregados para a curación de feridas	Lauaxeta Ikastola	Amorebieta-Etxano
46 Matemoda. É posible estudar matemáticas estando á moda?	Lauaxeta Ikastola	Amorebieta-Etxano
47 As vacas, son un problema mediambiental?	IES Ricardo Carballo Calero	Ferrol
48 O noso é un xardín micolóxico	IES Santa Irene	Vigo
49 Biotransformación de residuos orgánicos domésticos mediante vermicompostaxe.	IES Santa Irene	Vigo
50 NicraDome: sistema de conectores para ensamblado rápido de cúpulas xeodésicas	IES Xulián Magariños	Negreira

## Mapa Exposición Proxectos



# GALICIENCIA 2017

## VEN COÑECER A CIENCIA DIVERTIDA

22,23 DE NOVIEMBRE DE 10:00H-13:00H E DE 15:00H-18:00H  
E 24 DE NOVIEMBRE DE 10:00H-13:00H.

Para máis información:

Síguenos en **Facebook**  
e na nosa web:  
[www.galiciencia.com](http://www.galiciencia.com)



# GALICIENCIA 2017

**BENVIDO/A Á GALICIENCIA!** Xa estás aquí, na maior feira científica que se celebra en Galicia. Comeza pola exposición de proxectos, na que os investigadores e investigadoras do futuro che explicarán os seus traballos científicos e che mostrarán os seus prototipos, experimentos e resultados.

A continuación, goza das actividades organizadas para facer que a túa experiencia sexa completa. Este ano, os nosos talleres teñen como tema central a astronomía, coa que sen dúbida te vas divertir.

**INFORMÁTICA VS INTERNET APLICADA Á ASTRONOMÍA. 50 MINUTOS. ALUMNADO DE SECUNDARIA/BACHARELATO/FP. LOCAL 48 PLANTA BAIXA DO EDIFICIO CEI.**

Neste taller imos mergullarnos no fascinante mundo da astronomía descubriendo diferentes ferramentas informáticas que nos permiten profundar no coñecemento do que nos rodea dunha forma increíblemente sinxela e apaixonante.

Así, tras unha breve introdución sobre a historia da astronomía, pasaremos a levar a cabo actividades totalmente prácticas. Utilizando Stellarium aprenderemos como observar o ceo dunha noite concreta e mediante distintas aplicacións inmersivas viaxaremos a través do Sistema Solar e do ceo profundo.

**CULTURA ASTRONÓMICA. 50 MINUTOS. ALUMNADO DE SECUNDARIA/BACHARELATO/FP. LOCAL 23 PLANTA BAIXA DO EDIFICIO CEI.**

Neste taller espertaremos a querenza pola astronomía e a tecnoloxía espacial xunto coa súa influencia na nosas vidas. Estamos preparados para sobrevivir a unha tormenta solar? Saberíamos orientarnos se cae o GPS? Podemos escoitar unha chuva de estrelas cun radiotelescopio feito na casa? E ver os raios cósmicos que nos están a atravesar neste intre?

**INICIACIÓN Á ASTRONOMÍA. 50 MINUTOS. ALUMNADO DE SECUNDARIA/BACHARELATO/FP. LOCAL 26 PLANTA BAIXA DO EDIFICIO CEI.**

O taller ten un enfoque eminentemente práctico, e baseado na aplicación de conceptos e dinámicas estimulantes para o alumnado. O alumnado participante terá que ir resolvendo desafíos e retos ligados ao mundo da astronomía que lles permitirán ir superando probas ata chegar a unha última proba ou desafío final.

A actividade combinará xogos e desafíos tipo pregunta tipo test (sobre plataforma Kahoot) con accións prácticas que precisarán de todo o enxeño dos alumnos e alumnas para avanzar.



**ESPECTÁCULO SOBRE ASTRONOMÍA CON SESIÓN DE VÍDEO STREAMING O XOVES 23 DE NOVEMBRO DE 11:00 A 12:00H. 50 MINUTOS. PÚBLICO XERAL. SALÓN DE ACTOS PLANTA SOTO DO EDIFICIO CEI.**

O espectáculo propón, cun enfoque didáctico e ameno, un percorrido polo coñecemento que temos na actualidade do Universo e os diferentes corpos celestes que o compoñen.

Así, percorrermos o Universo coñecido utilizando os datos máis actuais que se coñecen e incluíndo abundantes referencias históricas que poñan en valor os avances da ciencia nos últimos decenios. De forma complementaria, e para ilustrar a charla, incluiremos diferentes fragmentos de películas con contidos de astronomía e analizaremos o seu realismo. De igual modo, levaremos a cabo experimentos espectaculares que nos permitan comprender conceptos tan abstractos como a presión ou o espectro lumínico.



**INICIACIÓN Á ASTRONOMÍA. 50 MINUTOS. ALUMNADO DE PRIMARIA E EDUCACIÓN ESPECIAL. LOCAL 38 PLANTA BAIXA DO EDIFICIO CEI.**



Este taller deséñase cun formato de show didáctico coa pretensión de que os máis cativos poidan comprender a mecánica, disposición e composición dos elementos que conforman o Sistema Solar, investigando as fontes de información e captación de datos ao longo da Historia. Para o cal, realizaranse varias experiencias dinámicas que serán reforzadas con material audiovisual.



**PLANETARIO. 50 MINUTOS. ALUMNADO DE PRIMARIA E EDUCACIÓN ESPECIAL. LOCAL 39 PLANTA BAIXA DO EDIFICIO CEI.**

A actividade consistirá nunha sesión de iniciación á observación do ceo visible a simple vista utilizando un sistema de proxección dixital e que se complementará co visionado dunha película “fulldome”. Este formato cobre totalmente a cúpula, dando unha sensación totalmente inmersiva.

A película, Astronaut, explica de forma amena como adestran os astronautas e os riscos que implica chegar a ser un astronauta.



## LISTA DE PROXECTOS PRIMARIA

MÉRCORES	XOVES	VENRES
<p><b>TÍTULO</b></p> <p>1 As estrelas, dende o Ben-Cho-Shey</p> <p>2 A pastilla nutritiva</p> <p>3 A túa revista</p> <p>4 Que orquídeas temos aos arredores do colexio?</p> <p>5 Están ben os animais nun zoo?</p> <p>6 As constelacións</p> <p>7 Sistema de rego robotizado con control de humidade</p> <p>8 Fabricando xoguetes con microbit</p> <p>9 Reinventando o pasado...</p> <p>10 Beneficios da reciclaxe</p>	<p><b>TÍTULO</b></p> <p>1 Maqueta do sistema solar móbil</p> <p>2 Maqueta do sistema solar</p> <p>3 Maqueta dun foguete</p> <p>4 Caixa lunar</p> <p>5 Representación dunha eclipse lunar e solar</p> <p>6 Xa sabemos a que sabe a Lúa, pero... de onde saíu?</p> <p>7 Deseño de robots loitadores de Sumo</p> <p>8 Deseño e programación dun robot loitador de Sumo con estratexias evasivas</p> <p>9 Deseño e programación dun robot loitador de Sumo con elementos móbiles</p>	<p><b>TÍTULO</b></p> <p>1 Podemos usar algas como esterco?</p> <p>2 Integración sensorial: Como funcionan os nosos sentidos</p> <p>3 Estudo da resposta da tenella e a faba á luz</p> <p>4 Estudo sobre a alimentación e comportamento do <i>Rhynchophorus ferrugineus</i></p> <p>5 Estudo sobre a decoración do corpo</p> <p>6 Somos lunáticos... mito ou realidade? (1º premio Luis Freire)</p> <p>7 Modelo do ollo</p> <p>8 Galaxia 3-D</p> <p>9 O telescopio de Galileo</p> <p>10 Desmentindo o zodíaco</p>
<p><b>CENTRO EDUCATIVO</b></p> <p>CEIP Ben-Cho-Shey</p> <p>Colexio Plurilingüe Santa María Ourense</p> <p>Colexio Plurilingüe Santa María Ourense</p> <p>CPI Poeta Uxío Novoneyra</p> <p>CPI Poeta Uxío Novoneyra</p> <p>CPR Santiago Apóstol</p> <p>Colexio Cemar - Marcote</p> <p>Colexio Cemar - Marcote</p> <p>CPR Luis Vives Ourense</p>	<p><b>CENTRO EDUCATIVO</b></p> <p>CEIP Santo Paio de Abaixo</p> <p>CEIP Santo Paio de Abaixo</p> <p>CEIP Santo Paio de Abaixo</p> <p>CEIP Santo Paio de Abaixo</p> <p>CEIP Santo Paio de Abaixo</p> <p>CEIP Valle Inclán</p> <p>Colexio Lar</p> <p>Colexio Lar</p> <p>Colexio Lar</p>	<p><b>CENTRO EDUCATIVO</b></p> <p>Colexio Plurilingüe Alborada</p> <p>Colexio Plurilingüe Alborada</p> <p>Colexio Plurilingüe Alborada</p> <p>Colexio Plurilingüe Alborada</p> <p>Colexio Valle Inclán 1</p> <p>Colexio Valle-Inclán 1</p> <p>Colexio Valle-Inclán 1</p> <p>Colexio Valle Inclán 1</p> <p>Colexio Valle Inclán 1</p>
<p><b>POBOACIÓN</b></p> <p>Pereiro de Aguiar</p> <p>Ourense</p> <p>Ourense</p> <p>O Courel</p> <p>O Courel</p> <p>Soutomaior</p> <p>Vigo</p> <p>Vigo</p> <p>Ourense</p>	<p><b>POBOACIÓN</b></p> <p>Redondela</p> <p>Redondela</p> <p>Redondela</p> <p>Redondela</p> <p>O Grove</p> <p>Mos</p> <p>Mos</p> <p>Mos</p>	<p><b>POBOACIÓN</b></p> <p>Vigo</p> <p>Vigo</p> <p>Vigo</p> <p>Vigo</p> <p>Ferrol</p> <p>Ferrol</p> <p>Ferrol</p> <p>Ferrol</p> <p>Ferrol</p>

